

Prazo e documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude

Debe estar inscrito/inscrita como demandante de emprego e solicitar nos **QUINCE DÍAS HÁBILES** seguintes á data en que se produza o cesamento involuntario no emprego ou ao día que finalice o período de vacacións pendente de gozar, ou dende o inicio da suspensión da relación laboral ou da redución de xornada, ou dende o retorno do estranxeiro, ou dende a excarceración, presentando a seguinte documentación:

PARA A SÚA IDENTIFICACIÓN (NON NECESITA ACHEGAR COPIAS)

Españóis e españolas: Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte.

Estranxeiros e estranxeiras residentes en España:

Nacionais da Unión Europea: Certificado de rexistro de cidadá ou cidadán da Unión Europea no que conste o NIE xunto co documento identificativo no seu país de orixe, e no seu defecto, o pasaporte.

Non nacionais da Unión Europea: Tarxeta de Identidade de Estranxeiro/a (TIE) xunto co pasaporte.

PARA O TRÁMITE DA SÚA SOLICITUDE (NON NECESITA ACHEGAR COPIAS)

- **CALQUERA DOCUMENTO BANCARIO NO QUE FIGURE O NÚMERO DE CONTA DA QUE VDE. SEXA TITULAR E ONDE DESEXE PERCIBIR A PRESTACIÓN.**
- **EN CASO DE TER FILLOS OU FILLAS A CARGO, LIBRO DE FAMILIA OU DOCUMENTO EQUIVALENTE SE SE TRATA DE PERSOAS ESTRANXEIRAS, LEGALIZADO E TRADUCIDO. SE ESTÁN EN ACOLLEMENTO, RESOLUCIÓN XUDICIAL OU ADMINISTRATIVA COA DATA DE EFECTOS DO ACOLLEMENTO.**
SE OS FILLOS/AS CON DISCAPACIDADE SON MAIORES DE 26 ANOS, CERTIFICADO DO GRAO DE DISCAPACIDADE EXPEDIDO POLO IMSERSO OU O ÓRGANO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA CORRESPONDENTE, OU RESOLUCIÓN DO INSS, DO MINISTERIO DE FACENDA OU DE DEFENSA, QUE RECOÑEZA A CONDICIÓN DE PENSIONISTA POR INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL, ABSOLUTA OU GRANDE INVALIDEZ, OU DE XUBILACIÓN OU RETIRO POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO OU INUTILIDADE.
- **SENTENZA OU CONVENIO REGULADOR, EN CASO DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO.**
- **EN CASO DE FILLOS OU FILLAS NO ESTRANXEIRO, IDENTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN DA SÚA SITUACIÓN LABORAL MEDIANTE CERTIFICACIÓN ADMINISTRATIVA LEGALIZADA OU FORMULARIOS U006/E302 EN CASO DE RESIDIR NO ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO.**
- **ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN LEGAL DE DESEMPREGO POR**
 - * **Cesamento da relación laboral**
 - Certificado de Empresa, dos 180 últimos días traballados se a empresa non o enviou ao Servizo Público de Emprego Estatal a través de Certific@2.
 - Acta de conciliación administrativa ou xudicial, ou resolución xudicial.
 - Providencia de opción pola indemnización, en caso de ter reclamado contra o despedimento.
 - * **Persoa emigrante retornada**
 - Certificación emitida polas Delegacións ou Subdelegacións do Goberno na que conste a data do retorno e o tempo traballado no país de emigración.
 - Formulario U1 ou E-301, se se retorna dun país membro da Unión Europea/Espazo Económico Europeo ou Suíza, ou documento AUS/E1 se se retorna de Australia.

*** Persoa liberada de prisión**

- Certificación da Dirección do centro penal na que consten as datas de ingreso en prisión e excarceración e a causa desta.
- Certificado de empresa, se se realizaron traballos durante o período de internamento, nos que se cotizou pola continxencia de desemprego.

Duración

A duración da prestación por desemprego estará en función dos períodos de ocupación cotizados nun réxime que contemple esta continxencia, nos últimos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga de cotizar ou, se é o caso, dende o nacemento do dereito á prestación por desemprego anterior, con arranxo á seguinte escala:

PERÍODO COTIZADO (en días)	DURACIÓN DA PRESTACIÓN (en días)	PERÍODO COTIZADO (en días)	DURACIÓN DA PRESTACIÓN (en días)
Dende 360 ata 539	120	Dende 1.440 ata 1.619	480
Dende 540 ata 719	180	Dende 1.620 ata 1.799	540
Dende 720 ata 899	240	Dende 1.800 ata 1.979	600
Dende 900 ata 1079	300	Dende 1.980 ata 2.159	660
Dende 1080 ata 1259	360	A partir de 2.160	720
Dende 1260 ata 1439	420		

A duración da prestación por desemprego das persoas emigrantes retornadas ou liberadas de prisión, determinarase en función dos períodos de ocupación cotizada, correspondentes aos seis anos anteriores á saída de España ou ao ingreso en prisión, agás que teñan cotizacións efectuadas no estranxeiro ou en prisión.

Contía da prestación

- ESTARÁ EN FUNCIÓN DA BASE REGULADORA QUE TEÑA A PERSOA TRABALLADORA.
- A BASE REGULADORA DIARIA É A SUMA DAS BASES DE COTIZACIÓN DOS ÚLTIMOS 180 DÍAS, A TEMPO COMPLETO OU PARCIAL, COTIZADOS Á SEGURIDADE SOCIAL POLA CONTINXENCIA DE DESEMPREGO (BASE DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS) DIVIDIDA ENTRE 180.
- OS 180 PRIMEIROS DÍAS DE PRESTACIÓN COBRARASE O 70 % DA BASE REGULADORA E A PARTIR DO 181, O 50 % DA DEVANDITA BASE.
- EN NINGÚN CASO A **CONTÍA DA PRESTACIÓN** PODERÁ SER INFERIOR AO 80 % DO INDICADOR PÚBLICO DE RENDAS DE EFECTOS MÚLTIPLES (IPREM) INCREMENTADO EN 1/6, CANDO A PERSOA TRABALLADORA NON TEÑA FILLOS OU FILLAS A CARGO, E AO 107 % CANDO TEÑA, POLO MENOS, UN OU UNHA.
- A **CONTÍA DA PRESTACIÓN** TEN COMO LÍMITE O 175 %, O 200 %, OU O 225 % DO IPREM, INCREMENTADO NUN SEXTO, SEGUNDO SE CAREZA DE FILLOS OU FILLAS OU SE TEÑA 1, 2 OU MÁIS, RESPECTIVAMENTE.
- NO CASO DE DESEMPREGO POLA PERDA DUN TRABALLO A TEMPO PARCIAL, O IMPORTE MÍNIMO OU MÁXIMO ESTARÁ EN FUNCIÓN DO NÚMERO DE HORAS TRABALLADAS DURANTE O PERÍODO DOS 180 ÚLTIMOS DÍAS COTIZADOS.
- A PRESTACIÓN ESTARÁ SUXEITA, NO SEU CASO, A DESCONTOS DE SEGURIDADE SOCIAL E DO IRPF.
- A ENTIDADE XESTORA (SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL OU ISM) INGRESARÁ AS COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL POR CONTINXENCIAS COMÚNS E, NOS SUPOSTOS DE SUSPENSIÓN OU REDUCIÓN DE XORNADA, INGRESARÁ A ACHEGA DA PERSOA TRABALLADORA POR TODAS AS CONTINXENCIAS.

A SOLICITUDE PODE PRESENTALA A TRAVÉS DA PÁXINA [HTTPS://SEPE.SEPE.GOB.ES](https://sepe.sepe.gob.es) OU NA OFICINA DE PRESTACIÓNS (TRAS A OBTENCIÓN DE **CITA PREVIA** NA SEDE ELECTRÓNICA DO SEPE).

Máis información en www.sepe.es. e [teléfonos](tel:902960000) de atención á cidadanía.